| Destrezas:<br><br>Expresión oral, EO<br>Expresión escrita, EE<br>Comprensión oral, CO<br>Comprensión escrita, CE | RE 1.1.1 Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.<br>RE 2.1.1 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus.<br>RE 2.2.1 Analiza o texto sagrado diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual.<br>RE 3.1.1 Busca e selecciona biografía de conversos.<br>RE 3.1.2 Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas.<br>RE 3.2.1 Crea e comparte textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo.<br>RE 4.1.1 Busca, selecciona e presenta xustificando a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa.<br>RE 4.2.1 Escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa.<br>RE 4.3.1 Amosa mediante exemplos previamente seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia.<br>RE 4.3.2 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, o pensamento, os costumes, a saúde, a educación, etc. |

| CAA | ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA: |
|---|---|
| Destrezas:<br>Perfil de aprendiz, PA<br>Ferramentas para estimular o pensamento, FE<br>Planificar e avaliar, AV | RE 1.2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos.<br>RE 2.1.1 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus.<br>RE 2.2.1 Analiza o texto sagrado diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual.<br>RE 3.2.1 Crea e comparte textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo.<br>RE 4.1.1 Busca, selecciona e presenta xustificando a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa.<br>RE 4.3.1 Amosa mediante exemplos previamente seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia. |

| CSC | ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA: |
|---|---|
| Destrezas: Educación cívica e constitucional, EC<br>Relación cos demais, RD (Aquí está "Traballo en grupo")<br>Compromiso social, CS | RE 1.1.1 Expresa e comparte en grupo situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.<br>RE 1.2.1 Analiza e valora a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos.<br>RE 2.1.1 Identifica, analiza e comenta situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus.<br>RE 3.1.2 Expresa xuízos respectuosos sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas.<br>RE 4.2.1 Escoita testemuños de cristiáns e debate con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa.<br>RE 4.3.2 Defende de forma razoada a influencia da fe na arte, o pensamento, os costumes, a saúde, a educación, etc. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R3º_CCL_EO_1 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** ↓ | | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coñece e explica **soamente con axuda, e guiándolle cunhas pautas concretas**, a situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.<br>**Expresa só algunhas características** sobre a novidade que o encontro con Cristo produciu nalgunhas persoas convertidas **pero non establece semellanzas e diferenzas** entre un antes e un despois.<br>**Sen destacar trazos significativos, expresa argumentos** sobre a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa. | Coñece e **explica con axuda, e seguindo unhas pautas concretas,** situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude no ámbito escolar.<br>**Expresa guiándolle, as semellanzas e diferenzas máis evidentes** entre a forma en como entendían o mundo unhas persoas antes de converterse ao cristianismo e como o entenden logo de converterse.<br>**Expresa de maneira sinxela** a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa. | Expresa, e **explica con bastante precisión** no grupo, situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude no ámbito escolar e na contorna social máis próxima.<br>**Expresa sen necesidade de guía** sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, segundo unhas biografías que **previamente se lle proporcionan** de persoas convertidas ao cristianismo.<br>**Expresa de maneira adecuada e con argumentos** a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa. | Expresa e **explica de forma clara, e bastante completa e orixinal,** e comparte en grupo, situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude no ámbito escolar, na contorna social e na persoal máis próxima.<br>**Expresa xuízos respectuosos** sobre a novidade que o encontro con Cristo introduciu na forma de entender o mundo, **segundo unhas biografías** previamente seleccionadas **de seu** de persoas convertidas ao cristianismo.<br>Selecciona e presenta oralmente, xustificando **con argumentos, de maneira adecuada,** a experiencia dunha persoa que encontrou a Cristo na Igrexa. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R3º_CCL_EE_2 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** ↓ | | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |
| **Redacta palabra a palabra sen reflexión, e a pesar de guiarlle,** textos para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. **Relaciona por escrito sen coherencia só o evidente, e a pesar de darlle pautas,** diversas situacións actuais onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. | **Redacta o máis relevante e significativo utilizando un vocabulario sinxelo** ao crear textos no seu blog ou portfolio para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo.<br><br>**Describe por escrito de forma básica, pero clara,** diversas situacións actuais do ámbito escolar onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. | **Redacta con claridade e vocabulario adecuado no seu propio blog** ou portfolio ao crear textos, vídeos clip, curtos, ou webs para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. **Relaciona e escribe de forma coherente** diversas situacións actuais do ámbito escolar e social onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. | **Redacta con claridade, creatividade e vocabulario específico no seu propio blog** ou portfolio ao crear textos, vídeos clip, curtos, ou webs para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supuxo o encontro con Cristo. **Relaciona por escrito con argumentos apropiados** diversas situacións actuais do ámbito social, escolar e familiar onde se expresa o pecado como rexeitamento ou suplantación de Deus. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R3º_CCL_CO_3 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** ↓ | | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Comprende e interpreta só de forma eventual, a pesar de darlle axuda**, que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia.<br>Logo de **escoitar un fragmento de película mostra** que o comprendeu deficientemente pois non defende de forma razoada a influencia da fe na arte.<br>**Tras escoitar** testemuños de cristiáns confunde termos acerca da plenitude de vida que neles se expresa. | **Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles,** que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia.<br><br>Logo de **escoitar un fragmento de película mostra** que o comprendeu defendendo de forma razoada a influencia da fe na arte.<br>**Tras escoitar** testemuños de cristiáns demostra a súa comprensión **debatendo** con respecto acerca da plenitude de vida que neles se expresa. | **Comprende, interpreta e describe con vocabulario adecuado, sen necesidade de guía,** que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia **destacando algunhas accións.**<br>Logo de **escoitar un fragmento de película mostra** que o comprendeu defendendo de forma razoada a influencia da fe na arte, no pensamento e nos costumes.<br>**Tras escoitar** testemuños de cristiáns demostra a súa comprensión **debatendo** con respecto e argumentando coherentemente acerca da plenitude de vida que neles se expresa. | **Comprende, interpreta e amosa** mediante exemplos previamente seleccionados que a experiencia cristiá foi xeradora de cultura ao longo da historia **destacando algunhas accións e xestos** de personaxes concretos**.**<br>Logo de **escoitar un fragmento de película ou vídeo mostra** que o comprendeu defendendo de forma razoada a influencia da fe na arte, no pensamento, nos costumes e na educación.<br>**Tras escoitar** testemuños de cristiáns demostra a súa comprensión **debatendo** con respecto e argumentando coherentemente, con rutinas de pensamento ben estruturadas, acerca da plenitude de vida que neles se expresa. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R3º_CCL_CE_4 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** | ↓ | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |
| **Relaciona, e lee de xeito moi impreciso, de forma aleatoria e a pesar de darlle pautas guiadas claridade** un texto sagrado diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria.<br>Precisa un guión previo para comprender o texto.<br>**Moi de cando en cando recoñece ao ler** un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. | **Relaciona e lee, seguindo pautas guiadas e de forma simple**, un texto sagrado diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria.<br>Identifica diferentes sentidos no texto.<br>**Recoñece, con guías, a partir da lectura** un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. | **Relaciona e lee con claridade** un texto sagrado diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria.<br><br>Aplica diferentes estratexias de interpretación.<br><br>Ordena **de forma reflexiva e clara, achegando exemplos**, un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. | **Lee analizando de forma reflexiva, sen axuda, entendendo termos difíciles e clasifica de xeito xustificado** un texto sagrado diferenciando a verdade revelada da roupaxe literaria.<br><br>**Identifica o sentido esencial do texto.**<br><br>Comenta con respecto os escritos alleos ás súas crenzas.<br><br>Elabora diferentes hipóteses nas lecturas de textos.<br><br>Ordena o que lee, **de forma autónoma e con pensamento orixinal,** e recrea un relato da verdade revelada sobre o pecado orixinal con linguaxe actual. |
| **RE_R3º_CAA_PA_5** | **Grao mínimo para considerar que o** | ↓ | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **alumno acadou o mínimo.** | | |
| **Cualificación 0-4** | **Cualificación 5-6** | **Cualificación 7-8** | **Cualificación 9-10** |
| **Estrutura, só con axuda e seguindo unha organización previa , un plan de traballo para a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos.**<br><br>**Non revisa as metas e as consecuencias do seu traballo, non reflexiona nin avalía o propio proceso, ao crear e compartir textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supón o encontro con Cristo.** | **Desenvolve con autonomía as súas tarefas construíndo nova información para a súa experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. Procesa desde diferentes perspectivas creando e compartindo textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supón o encontro con Cristo.** | **Emprega destrezas de pensamento como comparar e contrastar xerando posibilidades na experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. Deseña o seu proxecto persoal e profesional creando e compartindo textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supón o encontro con Cristo.** | **Mantén unha postura aberta ao aprendizaxe analizando e valorando a experiencia persoal fronte a feitos belos e dolorosos. Persiste nas tarefas que requiren reflexión creando e compartindo textos, vídeos clip, curtos, para describir as consecuencias que na vida dos cristiáns supón o encontro con Cristo.** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R3º_CSC_RD(traballo grupo)_6 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** ↓ | | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |
| **Non favorece o traballo colectivo** ao non recoñecer no grupo de iguais a necesidade de pescudar situacións nas que se recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.<br><br>**Non asume as consecuencias dos seus incumprimentos** e prexudica as tarefas do grupo estorbando nos espazos de entendemento cando os seus iguais buscan biografías nas que descubrir que Cristo introduciu unha novidade na forma de entender o mundo. | **Respecta as diferentes capacidades e** participa aportando situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.<br><br>**Axuda a lograr os compromisos do grupo** na busca de biografías de persoas cuxa relación con Cristo introduce unha novidade na forma de entender o mundo. | **Favorece coa súa actitude un clima propicio para o traballo grupal e a comunicación** cos seus iguais e colabora aportando situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.<br>**Con técnicas sinxelas negocia** a participación na procura de biografías para traballar en grupo a novidade que aporta Cristo na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas. | Establece relacións de confianza **respectando** os dereitos individuais e colectivos, **compartindo en grupo** as situacións ou circunstancias nas que recoñece a esixencia humana de felicidade e plenitude.<br>En **colaboración** co grupo selecciona biografías e **valora** as aportacións das persoas nas que o encontro con Cristo introduciu unha novidade na forma de entender o mundo, segundo as biografías seleccionadas. |
| RE_R3º_CSC_RD(traballo grupo)_6 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** ↓ | | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |
| **Non favorece o traballo colectivo** ao non recoñecer no grupo de iguais a necesidade de pescudar situacións nas que se | **Respecta as diferentes capacidades e** participa aportando situacións ou | **Favorece coa súa actitude un clima propicio para o traballo grupal e a comunicación** cos seus | Establece relacións de confianza **respectando** os dereitos individuais e |

## 2.5 Perfil competencial de 4º ESO coas rúbricas correspondentes

| CCL | ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA: |
|---|---|
| Destrezas:<br><br>Expresión oral, EO<br>Expresión escrita, EE<br>Comprensión oral, CO<br>Comprensión escrita, CE | RE 1.1.1 Identifica e clasifica os rasgos principais(ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.<br>RE 1.1.2 Busca información e presenta ao grupo as respostas das diferentes relixións ás preguntas de sentido.<br>RE 1.2.1 Razoa por que a Revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.<br>RE 1.2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a Revelación de Deus e as relixións.<br>RE 2.2.1 Identifica, clasifica e compara os rasgos do Mesías sufrinte e o Mesías político.<br>RE 3.1.1 Localiza, selecciona e argumenta, en textos evanxélicos, a chamada de Xesús.<br>RE 3.2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.<br>RE 3.2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.<br>RE 4.1.1 Elabora xuízos a partir de testemuñas que exemplifiquen unha forma de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.<br>RE 4.2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade.<br>RE 4.2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.<br>RE 4. 3. 1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais do seu entorno que colaboran na construción da civilización do amor |

| CAA | ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA: |
|---|---|
| Destrezas:<br>Perfil de aprendiz, PA<br>Ferramentas para estimular o pensamento, FE<br>Planificar e avaliar, AV | RE 1.1.1 Identifica e clasifica os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións.<br>RE 1.1.2 Busca información e presenta ao grupo as respostas das diferentes relixións as preguntas de sentido.<br>RE 1.2.1 Razoa por que a Revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.<br>RE 2.1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel.<br>RE 2.1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que coñece a fidelidade de Deus.<br>RE 2.2.1 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida.<br>RE 3. 1.1 Localiza , selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús.<br>RE 4.1.1 Elabora xuízos a partir de testemuñas que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade de expresar a afectividade.<br>RE 4. 1. 2 Adquire o habito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.<br>RE 4.1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e escolle a que recoñece como máis humana.<br>RE 4.2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade<br>RE 4.2.2 Recoñece e valora na Igrexa as diferentes figuras que son autoridade polo servizo e a testemuña que ofrecen. |

| CSC | ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA: |
|---|---|
| Destrezas:<br>Educación cívica e constitucional, EC<br>Relación cos demais, RD (Aquí está "Traballo en grupo")<br>Compromiso social, CS | RE 1.2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a Revelación de Deus e as relixións.<br>RE 2.2.1 Esforzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida.<br>RE 3.2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús<br>RE 3.2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo porque continúan a misión de Xesús.<br>RE 4.1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.<br>RE 4. 1. 3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e escolle a que recoñece como máis humana<br>RE 4. 2. 1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade.<br>RE 4. 2. 2 Recoñece e valora na Igrexa as diferentes figuras que son autoridade polo servizo e a testemuña que ofrecen.<br>RE 4.3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais do seu entorno que colaboran na construción da civilización do amor. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R4º_CCL_EO_1 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** | | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coñece e explica, **soamente con axuda e guiándolle cunhas pautas concretas,** a chamada de Xesús nalgúns textos evanxélicos.<br>**Expresa só algúns** xuízos a partir de testemuñas que exemplifiquen unha forma de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade **pero non establece semellanzas e diferenzas entre estas a pesares de** lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.<br>**Explica un de tres** acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. | Coñece e **explica con axuda, e seguindo unhas pautas concretas,** a chamada de Xesús nalgúns textos evanxélicos e na observación de obras de arte propias do ámbito escolar.<br>**Expresa, guiándolle, as semellanzas e diferenzas entre** xuízos a partir de testemuñas que exemplifiquen unha forma de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade coa lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.<br>**Expresa con axuda** tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. | Coñece e **explica con bastante precisión** a chamada de Xesús nalgúns textos evanxélicos e na observación de obras de arte propias do ámbito escolar e da contorna social.<br>**Expresa sen necesidade de guía,** as semellanzas e elabora xuízos a partir de testemuñas que exemplifiquen unha forma de usar a razón ,coa lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.<br>Localiza e **explica con bastante precisión** tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. | Coñece e **explica de forma clara, e bastante completa e orixinal,** a chamada de Xesús nalgúns textos evanxélicos, na observación de obras de arte propias do ámbito escolar e da contorna social e cultural.<br>**Expresa sen necesidade de guía, con detalle e vocabulario apropiado, xuízos a partir de** testemuñas que exemplifiquen una forma de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade coa lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.<br>**Expresa razoadamente e explica de forma clara, xustificando coherentemente** tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R4_CCL_EE_2 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** | | |

| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Redacta palabra a palabra, sen reflexión, e a pesar de guiarlle,** os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas nun caderno de papel ou nun blog propio.<br>**Relaciona por escrito sen coherencia, só o evidente, e a pesar de darlle pautas** as respostas das diferentes relixións ás preguntas de sentido.<br>**Escribe con dificultade** acerca de persoas que actualizan hoxe coa súa vida a misión de Xesús. | **Redacta, o máis relevante e significativo utilizando un vocabulario sinxelo,** no seu propio blog, os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas axudándose de materiais audiovisuais e webs.<br>**Describe por escrito de forma básica, pero clara pautas** as respostas das diferentes relixións ás preguntas de sentido.<br>**Escribe correctamente sobre** persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús. | **Redacta con claridade e vocabulario adecuado no seu propio blog** os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas axudándose dalgúns textos bíblicos, de materiais audiovisuais e webs.<br>**Relaciona e escribe de forma coherente** as respostas das diferentes relixións ás preguntas de sentido.<br>**Identifica, escribindo con corrección,** persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús **e expón por escrito en grupo** por que continúan a misión de Xesús. | **Describe no seu propio blog redactando con claridade, creatividade e vocabulario específico** os rasgos principais (ensinanza, comportamento e culto) nas relixións monoteístas axudándose dalgúns textos bíblicos, de materiais audiovisuais e webs.<br>**Relaciona por escrito con argumentos apropiados** as respostas das diferentes relixións ás preguntas de sentido.<br>**Identifica, escribindo e expresando con comparacións, con creatividade,** a persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús **e expón por escrito en grupo** por que continúan a misión de Xesús. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R4_CCL_CO_3 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** | | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Comprende e interpreta só de forma eventual, a pesar de darlle axuda**, que a Revelación é a plenitude da experiencia relixiosa<br>**Sen destacar trazos significativos, expresa** os rasgos do Mesías sufrinte e o Mesías político.<br>**Compara oralmente soamente con moita axuda** as principais diferenzas entre a Revelación de Deus e as relixións. | **Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles,** que a Revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.<br>**Compara expresando de maneira sinxela** os rasgos do Mesías sufrinte e o Mesías político.<br>**Elabora de maneira sinxela**, **de modo oral**, as principais diferenzas entre a Revelación de Deus e as relixións. | **Comprende, interpreta e describe con vocabulario adecuado sen necesidade de guía,** que a Revelación é a plenitude da experiencia relixiosa **destacando algunhas accións e xestos e achegando exemplos.**<br>**Compara expresando de maneira adecuada e con argumentos** os rasgos do Mesías sufrinte e os Mesías político.<br>**Elabora con vocabulario adecuado, de modo oral** identificando e clasificando as principais diferenzas entre a Revelación de Deus e as relixións. | **Comprende, interpreta e describe usando vocabulario específico, destacando algunhas accións e xestos e achegando exemplos** que a Revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.<br>Compara oralmente **de maneira adecuada, con argumentos e proporcionando exemplos** os rasgos do Mesías sufrinte e o Mesías político.<br><br>**Elabora con ideas creativas e orixinais,** comparando, identificando e clasificando as principais diferenzas entre a Revelación de Deus e as relixións. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R4_CCL_CE_4 | **Grao mínimo para** | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **considerar que o alumno acadou o mínimo.** | | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |
| **Relaciona e lee de xeito moi impreciso de forma aleatoria e, a pesar de darlle pautas guiadas,** de maneira comprensiva un evanxeo, identificando e describindo a misión salvífica de Xesús.<br>Logra, **unicamente con moita axuda e a pesar de proporcionarlle dicionarios e recursos,** persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade.<br>**Moi de cando en cando recoñece ao ler** as iniciativas eclesiais do seu entorno que colaboran na construción da civilización do amor. | **Relaciona e lee seguindo pautas guiadas e de forma simple** de maneira comprensiva un evanxeo, identificando e describindo a misión salvífica de Xesús.<br>**Recoñece, con guías, a partir da lectura,** persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade.<br>**Distingue e xulga o que lee e** debate sobre as iniciativas eclesiais do seu entorno que colaboran na construción da civilización do amor. | **Relaciona e lee con claridade,** de maneira comprensiva un evanxeo, identificando e describindo a misión salvífica de Xesús.<br><br>Ordena **de forma reflexiva e clara, achegando exemplos,** persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade.<br>**Comenta con respecto o que lee e** debate sobre as iniciativas eclesiais do seu entorno que colaboran na construción da civilización do amor **elaborando outras** | **Lee de forma reflexiva, sen axuda, entendendo termos difíciles e clasifica de xeito xustificado recoñecendo a partir da lectura** de maneira comprensiva un evanxeo, e identificando e describindo a misión salvífica de Xesús.<br><br>Ordena **de forma autónoma, con pensamento orixinal e coas súas palabras,** a lectura identificando persoas que son autoridade na súa vida e explica cómo recoñece nelas a verdade e deseña o seu perfil.<br>Nos escritos alleos ás súas crenzas, **distingue, xulga e comenta con respecto** elaborando **varias hipóteses** sobre as iniciativas eclesiais do seu entorno que colaboran na construción da civilización do |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | **hipóteses.** | amor. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_4º_CAA_PA_5 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** | ↓ | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Deseña, só con axuda e seguindo un modelo concreto** o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.<br><br>**Diferencia eventualmente e a pesar de darlle pautas só de maneira mecánica** as diferentes formas de vivir a afectividade e escolle a que recoñece como máis humana. | **Analiza situacións elixindo a estratexia máis axeitada,** para buscar o ben ante as eleccións que se lle ofrecen, **con axuda de textos**.<br>**Aporta, usando pautas guiadas,** o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen, **con argumentos escasos pero axeitados**. | **Marca e revisa o** hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen, **explicando o seu significado** con axuda de analoxías.<br>**Constrúe, sen necesidade de guía,** o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen, **con argumentos simples pero elaborados persoalmente, tamén** busca relatos bíblicos **reflexionando sobre o seu propio proceso.** | **Desenvolve con autonomía a planificación das tarefas,** o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen **explicando o seu significado** con axuda de analoxías e **aportando exemplos.**<br>**Constrúe, de forma autónoma e reflexiva, estratexias de pensamento, ten o** hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen **con argumentos elaborados de seu e con claridade** buscando nova información dos relatos bíblicos e, **avaliando o seu propio proceso**. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| RE_R4º_CSC_RD(traballo grup)_6 | **Grao mínimo para considerar que o** ↓ | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **alumno acadou o mínimo.** | | |
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |
| **Non favorece o traballo colectivo** ao non recoñecer nin esforzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida.<br>**Enfoca de maneira negativa as súas condutas,** e dificulta o traballo do grupo coa súa conduta disruptiva non tendo en conta os valores de humanidade aportados por Xesucristo.<br>Non axuda a que o grupo teña mellores resultados pois non asume a súa influencia xa que **carece do sentido de responsabilidade para o ben da comunidade.** | **Asume as súas responsabilidades negociando co grupo** os prazos e obrigas dos traballos colectivos apoiándose nas distintas formas de presenza de Xesucristo que identifica no grupo.<br>**Acepta a diversidade de opinións xerando un ambiente de relación cómoda** por mor do que analiza de Xesús nos sacramentos.<br>Promove a **colaboración do grupo co cumprimento das normas** sobre os conflitos na aula pois coñece e respecta as iniciativas eclesiais que colaboran na construción da civilización do amor. | **Favorece coa súa actitude un clima propicio para o traballo grupal e a comunicación** cos seus iguais apoiándose nas distintas formas de presenza de Xesucristo que identifica na comunidade eclesial.<br>**Acepta a crítica construtiva na xestión de conflitos** por mor do que analiza de Xesús nos sacramentos e na caridade.<br>Promove a **colaboración do grupo coas súas comunicacións** sobre os conflitos na aula pois coñece e respecta as iniciativas eclesiais que colaboran na construción da civilización do amor. | **Comprométese cos seus iguais no traballo cooperativo e promove unha convivencia pacífica** apoiándose nas distintas formas de presenza de Xesucristo que identifica na sociedade e na comunidade eclesial.<br>**Aplica principios democráticos, solidariedade e respecto aos seus compañeiros** por mor do que analiza de Xesús nos sacramentos, na palabra de Deus e na caridade.<br>**Promove a colaboración do grupo coas súas accións** sobre os conflitos na aula pois coñece e respecta as iniciativas eclesiais que colaboran na construción da civilización |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | do amor. |

## 2.6 Perfil competencial de 1º Bach coas rúbricas correspondentes

| CAA | ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA: |
|---|---|
| Destrezas:<br>Perfil de aprendiz, PA<br>Ferramentas para estimular o pensamento, FE<br>Planificar e avaliar, AV | RE1.2.1 Identifica e diferencia a diversidade de respostas salvíficas que mostran as relixións.<br>RE1.3.1 Descobre, a partir dun visionado que mostre a inxustiza, a incapacidade da lei para fundamentar a dignidade humana. Compara con textos eclesiais que vinculan a dignidade do ser humano á súa condición de creatura.<br>RE1.3.2 Investiga, obtén datos estatísticos e analiza sacando conclusións, comportamentos dos mozos que defenden ou atentan contra a dignidade do ser humano.<br>RE2.1.1 Identifica problemas sociais de finais do século XIX. Estuda a súa evolución ata a actualidade e analiza as respostas da doutrina social da Igrexa.<br>RE2.3.1 Comprende e define con palabras persoais o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplica a situacións concretas devanditos principios xustificando o pensamento social da Igrexa.<br>RE3.1.1 Identifica, a través de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método.<br>RE3.2.1 Recoñece con asombro e esfórzase por comprender a orixe divina do cosmos e distingue que non provén do caos ou o azar.<br>RE3.3.1 Aprende, acepta e respecta que o criterio ético nace do recoñecemento da dignidade humana.<br>RE4.1.1 Estuda, analiza e define o concepto de cultura en diferentes épocas e contrástao co carácter antropolóxico da ensinanza da Igrexa.<br>RE4.3.1 Coñece e respecta os trazos da vida monástica. Identifica a súa influencia na organización social e a vida laboral.<br>RE4.3.2 Valora o traballo dos monxes por conservar a arte e a cultura grecolatina, elaborando un material audiovisual no que se recolla a síntese do seu estudo. |

| CCL | ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA: |
|---|---|
| Destrezas:<br><br>Expresión oral, EO<br>Expresión escrita, EE<br>Comprensión oral, CO<br>Comprensión escrita, CE | RE1.1.1 Reflexiona sobre acontecementos mostrados nos medios de comunicación e emite xuízos de valor sobre a necesidade de sentido.<br>RE1.2.1 Identifica e diferencia a diversidade de respostas salvíficas que mostran as relixións.<br>RE1.3.1 Descobre, a partir dun visionado que mostre a inxustiza, a incapacidade da lei para fundamentar a dignidade humana. Compara con textos eclesiais que vinculan a dignidade do ser humano á súa condición de creatura.<br>RE1.3.2 Investiga, obtén datos estatísticos e analiza sacando conclusións, comportamentos dos mozos que defenden ou atentan contra a dignidade do ser humano.<br>RE1.4.1 Cualifica as respostas de sentido que ofrece o ateísmo, agnosticismo ou laicismo e contrástaas coa proposta de salvación que ofrecen as relixións.<br>RE2.1.1 Identifica problemas sociais de finais do século XIX. Estuda a súa evolución ata a actualidade e analiza as respostas da doutrina social da Igrexa.<br>RE2.2.1 Elabora unha definición persoal sobre os termos, legal, ético e moral. Explica publicamente as diferenzas entre os termos coa axuda de medios audiovisuais.<br>RE2.3.1 Comprende e define con palabras persoais o significado de ben común, destino universal dos bens e subsidiariedade. Aplica a situacións concretas devanditos principios xustificando o pensamento social da Igrexa.<br><br>RE3.1.1 Identifica, a través de fontes, os diferentes métodos de coñecer a verdade na filosofía, a teoloxía, a ciencia e a técnica. Distingue que aspectos da realidade permite coñecer cada método.<br>RE3.2.2 Infórmase con rigor e debate respectuosamente, sobre o caso de Galileo, Servet, etc. Escribe a súa opinión, xustificando razoadamente as causas e consecuencias dos devanditos conflitos.<br>RE3.3.2 Analiza casos e debate de maneira razoada as consecuencias que se derivan dun uso da ciencia sen referencia ética.<br>RE4.1.1 Estuda, analiza e define o concepto de cultura en diferentes épocas e contrástao co carácter antropolóxico da ensinanza da Igrexa.<br>RE4.2.1 Identifica os elementos propios de diversas culturas e elabora un material audiovisual onde as compare criticamente.<br>RE4.3.2 Valora o traballo dos monxes por conservar a arte e a cultura grecolatina, elaborando un material audiovisual no que se recolla a síntese do seu estudo. |

| RE_R1ºBACH_CCL_EO_1 | **Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo.** ↓ | | |
|---|---|---|---|
| Cualificación 0-4 | Cualificación 5-6 | Cualificación 7-8 | Cualificación 9-10 |
| **Segue con axuda** un esquema de intervención elaborado previamente para definir os termos, legal, ético e moral.<br><br>**Precisa apoiarse** en elementos non verbais para expresar con concisión xuízos de valor sobre a necesidade de sentido reflexionando sobre acontecementos mostrados nos medios de | **Comenta oralmente con respecto** os escritos alleos no intercambio de opinións sobre os termos, legal, ético e moral.<br><br>**Estrutura** con claridade a exposición da súa argumentación explicando publicamente as diferenzas entre os termos coa axuda de medios audiovisuais.<br><br>**Expresa** con concisión xuízos de | **Anticipa á súa audiencia o contido,** elaborando unha definición persoal sobre os termos, legal, ético e moral. **Anticipa a intención e a estrutura** da súa intervención, explicando publicamente as diferenzas entre os termos coa axuda de medios audiovisuais.<br><br>**Emite** xuízos de valor sobre a necesidade de sentido en acontecementos | **Selecciona o nivel de especificación máis adecuado** para o seu discurso -conducindo cun léxico especializado- e expresándose persoalmente sobre os termos, legal, ético e moral. **Explica publicamente** as diferenzas entre os termos coa axuda de medios audiovisuais.<br><br>Tras analizar a reacción da súa audiencia **reconduce a súa expresión oral,** se é necesario, ao expoñer a súa reflexión sobre acontecementos |

| | | | |
|---|---|---|---|
